



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia moderna de España

Materia	Historia moderna de España			
Código	O02G251V01603			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Presedo Garazo, Antonio			
Profesorado	Presedo Garazo, Antonio			
Correo-e	antonio.presedo@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento dos fundamentos básicos da civilización e sociedade españolas da Idade Moderna, nas súas vertentes política, económica, social e cultural; e a súa interrelación con outras civilizacións e sociedades europeas e ultramarinas			

Competencias

Código	Descrición
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
B5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
C16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
C19	Coñecemento da historia nacional propia
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D14	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica		B1	C1	
		B2	C2	
		B3	C5	
		B5	C16	
		B6	C19	
		B10		
		B11		
Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada	A1	B3	C16	D11
			C19	
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	A1	B1	C1	
	A3	B3	C6	
			C12	

Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	A1 A2 A3 A5	B3 	C3 C4 C27	D7 D9
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados na bibliografía específica	A1 A4 A5	B1 B2 B4 B5 B5 B6 B7 B8 B9 B11	C1 C5 C7 C9 C10	D4 D9 D14

Contidos

Tema	
1. Bases estruturais	1.1. Demografía, poboación e sociedade na España do Antigo Réxime 1.2. Os sectores económicos da España do Antigo Réxime 1.3. O pensamento económico hispano: teoría e práctica nos séculos XVI-XVIII
2. Cultura e mentalidades	2.1. O problema do Renacemento español e a reforma católica 2.2. A cultura do Barroco e da Ilustración en España 2.3. Cultura popular e mentalidades na época das Luces
3. Política e relacións internacionais	3.1. Os Reis Católicos e a Monarquía española no cincocentos (reinados de Carlos I e Felipe II) 3.2. A Monarquía española no seiscentos: os Austrias menores 3.3. A España borbónica. A crise do Antigo Réxime en España

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	24	30	54
Seminarios	4	16	20
Traballos tutelados	4	14	18
Traballos de aula	5	10	15
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Titoría en grupo	4	0	4
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	20	24
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	6	8
Probas de autoavaliación	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión adicada á presentación do programa da materia, e a tomar un primeiro contacto cos/as alumnos/as a fin de coñecer o seu interese e motivación pola mesma
Sesión maxistral	Exposición detallada por parte do docente dos contidos teóricos da materia, salientando aquelas liñas básicas que haberán de permitir o desenvolvemento das actividades relacionadas co temario.
Seminarios	Actividades encamiñadas ó traballo intensivo por parte dos/as alumnos/as sobre un tema ou conxunto de temas concretos do programa da materia, que implicará a lectura e manexo de bibliografía específica, responder a preguntas guía formuladas polo docente e a participación nas sesións de debate que se levarán a cabo en relación con ditos temas
Traballos tutelados	Elaboración de traballos por parte dos/as alumnos/as, ben de xeito individual, ben en grupo, que deberán ser presentados na aula
Traballos de aula	Actividades realizadas na aula orientadas a resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos presentados nas sesións maxistrais.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía e pola Facultade de Historia
Titoría en grupo	Sesións adicadas ao seguimento e orientación dos/as alumnos/as, atendendo ás dúbidas que se lles podan presentar en relación cos contidos da materia e probas de avaliación, realización dos traballos e exercicios prácticos

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coas lecturas de materiais bibliográficos e as súas preguntas guía que se van tratar nos seminarios. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Traballos tutelados	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas que lle podan xurdir ó alumnado mentres leva a cabo a elaboración de ditos traballos tutelados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Traballos de aula	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas sobre os contidos teóricos e as actividades prácticas da materia. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Sesión maxistral	Realización de dúas probas nas que se deberá respostar a preguntas de desenvolvemento, outras de resposta curta e un exercicio práctico. Para superar a materia será preciso acadar en cada unha de ditas probas unha cualificación de 5 puntos. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica e coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada	60	A1	C16 C19
Seminarios	Presentación e análise crítica de materiais relacionados cos contidos da materia, traballados previamente e debatidos na aula, valorándose o grao de participación dos/as alumnos/as en ditos debates. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado e respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	7.5		B5 C12
Traballos tutelados	Presentación e entrega dos traballos que se requiran según os criterios fixados polo docente e nas datas que se indiquen. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e preparación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica	15	A4	D4 D9 D11 D14
Traballos de aula	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos criterios fixados polo docente, dos exercicios e traballos prácticos sinalados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	7.5		B3 C19
Probas de autoavaliación	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moddle. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica e coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada	10		C16 D11 C19

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os/as estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou

exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos/as os/as alumnos/as matriculados/as na materia teñen dereito a realizar o exame final, no que serán avaliados/as dos contidos do programa (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Os/as alumnos/as que non se poidan acollerse á modalidade presencial, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final. O 30% restante será completado a través dun traballo obrigatorio sobre os contidos do programa da materia, a convir co docente, que os/as alumnos/as deberán entregar como data límite na fixada para a realización da mentada proba escrita. desta

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía xeral

Domínguez Ortiz, A. (dir.), *Historia de España*, vols. 5, 6 e 7, Barcelona, Planeta, 1988-89. OUR 94" 15/17" /734 v.5, v.6, v.7

Floristán, A. (coord.), *Historia de España en la Edad Moderna*, Barcelona, Ariel, 2004. OUR 94" 15/17" /565

Fontana, J. & Villares, R. (dirs.), *Historia de España*, vols. 3, 4 e 5, Barcelona, Crítica & Marcial Pons, 2007-08. OUR 94" 15/17" /492 e 783; E 078 HIS esp

Jover Zamora, J. M.^a (dir.), *Historia de España*, fundada por Ramón Menéndez Pidal, vols. 17 a 31, Madrid, Espasa-Calpe, 1989-, OUR 946.0 /2

Martínez Ruiz, E. et al., *España Moderna*, Madrid, Istmo, 1992. OUR 94" 15/17" /435

Rodríguez García, J. & Castilla Soto, J., *Diccionario de términos de Historia de España. Edad Moderna*, Barcelona, Ariel, 2005. OUR 94" 15/17" /738

Bibliografía específica

Artola, M., *La Hacienda del Antiguo Régimen*, Madrid, Alianza, 1982. OUR 94" 15/17" /552

Capel Martínez, R. M.^a & Cepeda Gómez, J., *El siglo de las Luces. Política y sociedad*, Madrid, Síntesis, 2006. OUR 94" 15/17" /687

Comín, F., Hernández, M. & Llopis, E. (eds.), *Historia económica de España: siglos X-XX*, Barcelona, Crítica, 2002. OUR 338/129

Domínguez Ortiz, A., *Sociedad y estado en el siglo XVIII español*, Barcelona, Ariel, 1976. Depósito: OUR 41246

Elliott, J., *La España Imperial, 1469-1716*, Barcelona, Vicens Vives, 1966. Depósito: OUR 10468

Fernández Albaladejo, P., *Fragmentos de Monarquía. Trabajos de historia política*, Madrid, Alianza, 1992. OUR 94" 15/17" /322

Franco Rubio, G. A., *Cultura y mentalidad en la España Moderna*, Sevilla, Mergablum, 1999, 2.^a ed. OUR 94" 15/17" /737

García Cárcel, R., *Las culturas del Siglo de Oro*, Madrid, Historia 16, 1998. Depósito: OUR 44620 v.1 e v.2

González Enciso, A. et al., *Historia económica de la España moderna*, Madrid, Actas, 1992. Depósito: OUR 44357

Lynch, J., *Los Austrias (1516-1700)*, Barcelona, Crítica, 2007. OUR 94" 15/17" /724

Lynch, J., *El siglo XVIII*, Barcelona, Crítica, 1991. OUR 94" 15/17" /598

Nadal, J., *La población española. Siglos XVI al XX*, Barcelona, Ariel, 1988. Depósito: OUR 36957

Marcos Martín, A., *España en los siglos XVI, XVII y XVIII: economía y sociedad*, Barcelona, Crítica, 2000. OUR 94" 15/17" /120

Sánchez-Blanco Parody, F., *La Ilustración española*, Madrid, Akal, 1997. FF 1 SAN ilu

Vincent, B. & Ruiz Ibáñez, J. J., *Los siglos XVI-XVII. Política y sociedad*, Madrid, Síntesis, 2007. Depósito: OUR 55377

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos/as os/as alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.
